

Reunión coa Xerencia o día 14 de marzo de 2012.

Presentes:

Xerencia:

xerente e vicexerente de Ferrol-

Comité de Empresa:

Sindicatos USO, CCOO, UGT e CUT (CIG escusa a súa presenza por enfermidade dos seus representantes).

Despois dunha pequena presentación por parte do xerente e logo de que o propio xerente solicite se lle enumeren os asuntos máis prioritarios toma a palabra o presidente do Comité que enumera as prioridades, segundo o acordado no órgano de representación:

Comité:

O Comité sempre entendeu que a Xerencia era un servizo infradotado, así o evidenciou no Consello de Goberno, o volume de tarefas superaba con creces as posibilidades de ser atendidas correctamente coa estrutura existente.

Xerente:

Informa que, proximamente será ocupada a praza de xefatura de PAS e tomará posesión un novo vicexerente o que axilizará, sen dúbida os procesos pendentes.

Comité:

- Comunicación da RPT que contemple as prazas da Transitoria Segunda.
 - Importante porque as prazas que se consoliden non precisarán da precaria e continua contratación de 3+3 meses pasando a poder contratar a persoal interino.
 - Coñeceremos, dunha vez, a quén afecta, segundo a empresa, a Transitoria Segunda.

Xerente:

Pide tempo para a súa presentación, sabe que está xa elaborada, vai ter unha reunión proximamente coa anterior xerente para tratar, entre outras cousas, disto, entende que despois das vacacións de semana santa a poderá presentar ao Comité.

Comité:

- Negociación do corpo único a través da funcionarización, a situación derivada da reforma laboral fai que se lle dea máis transcendencia, se cabe, a esta alternativa, consideramos que é urxente a súa negociación baixo os seguintes principios:
 - Que afecte a todo o colectivo.
 - Que se execute sobre o criterio de que ninguén debe saír prexudicado, non pedimos melloras económicas pero tampouco aceptamos empeorar.

Xerente:

Entende, tamén, que é unha actuación prioritaria, contemplada na alternativa do novo equipo reitoral para todo o colectivo, e que, neste marco pode ser desenvolvida a execución da Transitoria Segunda.

Comité:

- Negociación da Transitoria Segunda,(unha vez reflectida na RPT) establecer o proceso e o procedemento para levala á práctica.

Xerente:

Resposta anterior.

Comité:

- Negociación do Convenio Colectivo, informámoslle ao novo xerente que se paralizou a negociación do Convenio até que se nos presentase a RPT, urxe retomar a negociación, unha vez que se nos transmita a dita RPT porque, entre outras cousas, a nova reforma laboral establece a caducidade (2 anos) da ultraactividade de todos os convenios

Xerente:

Insiste en que o prioritario debe ser a funcionarización aínda que, paralelamente ou despois se poida negociar un novo convenio.

Comité:

- Oposicións, queda por concretar a convocatoria de técnicos especialistas de laboratorio fixos, esta convocatoria xa acordada coa anterior xerente debería ser revisada e publicada canto antes, a xerente saínte responsabilizárase de facelo deste xeito.

Xerente:

Consultarao coa anterior xerente

Comité:

- Toma de posesión dos técnicos especialista de informática, requirimos unha decisión inmediata que faga que estes compañeiros/as tomen posesión canto antes, hai traballadores esperando para a toma de posesión da praza á que optaron no concurso de traslados e resulta contraditorio que se habiliten as listas de agarda e se retrase, sine die, a toma de posesión dos/das que aprobaron a oposición.

Xerente:

Nos próximos días publicarase unha resolución que posibilitará a toma de posesión.

Comité:

- Praza vacante de técnico superior en informática na Escola de Camiños. Cándo se vai proceder á súa ocupación?.

Xerente:

Revisará o asunto.

Comité:

- Recentemente rexistramos unha pregunta sobre a relación contractual e funcións que desempeñan dúas persoas da Normal. Hai resposta?.

Xerente:

Nos próximos días se nos contestará.

Quedamos, de novo, á espera de noticias sobre a RPT para iniciar os procesos pendentes mediante o calendario correspondente.